

Sabes?

- Pontevedra era o maior porto de Galiza no século XV
- A porta da Delegación de Facenda, na Ferraría, era a Porta de San Domingos, da antiga muralla da cidade
- A Delegación de Facenda ocupa un edificio do 1800 anexo á igrexa de San Francisco
- A fonte da Ferraría foi colocada donde está agora, en 1930, xa que antes estaba no centro da praza
- A fonte da Ferraría foi construída no século XVI seguindo o modelo de chafariz portugués, por Domingos Fernández e Joao Lopes
- As persoas que peregrinan a Santiago penetran no centro histórico pola Ponte de Trabancas. Desde alí guíanse polas luces azuis do pavimento
- A Igrexa de San Francisco, do século XIV, foi declarada monumento histórico-artístico en 1896
- Paio Gómez Chariño, trobador e almirante do mar, ten a súa sepultura na Igrexa de San Francisco
- A imaxe de Xesús Nazareno da Igrexa de San Francisco, data do século XIX
- Na praza de Curros Enríquez existe un monumento a Alexandre Bóveda, fundador do Partido Galeguista. Foi fusilado polos franquistas durante a guerra de 1936
- A praza da Verdura toma o seu nome da antiga feira de verdura, castañas e froita que había neste lugar
- A Casa da Luz, na praza da Verdura, chámase así porque no século XIX había unha fábrica de electricidade
- Pontevedra foi a unha das primeiras cidades de España en contar con alumeado público, en 1888
- A igrexa de San Bartolomeu construeuse entre 1696 e 1714. É de estilo barroco, coas influencias romanas da época
- A Igrexa de San Bartolomé atesoura imaxes de Pedro de Mena, Gregorio Fernández, Pedro de Campo ou Bieito Silveira, das escolas compostelá e castelá
- A Praza de Méndez Núñez coñecíase antigamente como Praza das Galiñas, xa que alí se celebraba o mercado de aves
- O gran caserón dos Cruz e Montenegro, construído no SXV pero hoxe desvirtuado polas reformas que sufriu, viviu o almirante Casto Méndez Núñez, que da nome á praza
- O caserón dos Cruu e Montenegro, na praza de Méndez Núñez era centro da vida intelectual de finais do SXIX. Valle Inclán formouse na Biblioteca dos Muruais, que vivían neste edificio

- A praza da Pedreira, onde está o Pazo de Mugartegui, chamábase así porque antigamente alí había moita actividade de labra e talla de pedra
- En 1892 prodúcese unha das maiores protestas populares, protagonizada por pescadeiras e leiteiras polo pago dos «consumos»; dous anos máis tarde, terán lugar os disturbios contra o Imposto de cédulas persoais
- O Pazo de Mugartegui é unha fermosa edificación dos séculos XVII e XVIII, un exemplo arquitectónico urbano do barroco galego
- Os escudos que aparecen na fachada do Pazo de Mugartegui son os das familias Figueroa, Araúxo, Miranda e Quirós. Coroando o edificio existe un magnífico reloxo de sol
- O Pazo de Mugartegui é unha propiedade do Concello de Pontevedra cedido como sede da Denominación de Orixe Rías Baixas
- O arqueiro grego Teucro, segundo a lenda, fundou a cidade de Pontevedra durante a súa viaxe a occidente tras a guerra de Troia
- A praza do Teucro atesoura a maior colección viva da heráldica urbana, en pazos como o dos Gago e Montenegro, San Román e Aranda, dos séculos XVII e XVIII
- A fonte da praza do Peirao é unha feitiña peza redonda do século XVIII. Antes dos sucesivos recheos, o mar chegaba alí
- Na praza das 5 rúas vivía Valle -Inclán. E enfrente vivía o veciño de Valle-Inclán, como lembra unha frase pintada na parede
- O cruceiro da Praza das 5 rúas foi emprazado alí tras a guerra civil, desde o seu lugar de orixe, Estribela
- O Museo de Pontevedra ten 6 edificios. Os 5 primeiros teñen nome: Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Fernández López e as ruínas de Santo Domingo
- O Museo de Pontevedra foi fundado a finais do SXIX por varios intelectuais a finais do SXIX, entre eles Castelao. O padroado nace en 1927 da colaboración entre a Deputación e a Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra
- As casas barrocas de Castro Monteagudo e García Flórez, hoxe parte do Museo de Pontevedra, son grandes exemplos da arquitectura urbana galega do SXVIII
- As ábsidas góticas son o único vestixio do antigo Convento de San Domingos, hoxe parte do Museo de Pontevedra
- O arco que une dous edificios do museo foi construído a mediados do século XX
- O Museo de Pontevedra foi declarado Monumento Histórico Artístico en 1962
- Visita a exposición de Arqueoloxía galega do Museo, con importantes pezas da Idade do Bronce e orfebrería prehistórica
- O Museo de Pontevedra ten importantes coleccións de acibeches composteláns e cerámica popular galega, así como de Sargadelos
- Unha parte importante do museo ocúpase da historia marítima, o gremio de Mareantes e mariños pontevedreses, como os irmáns Nodales ou Pedro Sarmiento de Gamboa

- A igrexa do Convento de Santa Clara é da segunda metade do S XIV, de estilo gótico, con reformas posteriores e varios retablos barrocos
- O Museo posúe a obra case completa de Castelao, un dos seus fundadores
- O Convento de Santa Clara edificouse extramuros, na parte exterior da porta de Santa Clara, no Camiño de Castela
- O monumento aos herois de Ponte Sampaio foi levantado en 1911 para lembrar a victoria galega sobre as tropas napoleónicas en 1808
- A Praza do Concello ou Praza de España nace a raíz do derrubamento da muralla, a principios do século XX
- A Av. de Montero Ríos e a Alameda ocupan o espazo que antes pertencía ás hortas do convento de San Domingos, do que só quedan as ruínas oxivais
- Un senlleiro conxunto arquitectónico de principios do século XX confórmano o Concello, o Instituto Valle-Inclán, a Deputación, a antiga sede de Educación, Alameda e xardíns de Vicenti e As Palmeiras
- A rúa Gutiérrez Mellado continúa o elegante alineamento de palmeiras que nace no parque, integrando aínda máis o parque na trama urbana
- O arquitecto Alejandro Rodríguez Sesmeros edificou entre os séculos XIX e XX as sedes do Concello e a Deputación
- Da igrexa de San Domingos, do S XIV, só nos queda o ábside gótico. As popularmente coñecidas como ruínas son Monumento Histórico Artístico desde 1895
- As ruínas de San Domingos, acougan a gran colección lapidar do Museo: escudos, labras e sepulcros de cabaleiros medievais
- Pedro Madruga, como se coñecía a Pedro Álvarez de Soutomaior, o gran nobre galego do século XV, estivo enterrado en San Domingos
- O Pazo da Cultura é unha obra de Manuel de las Casas de 1997, sobre terreos que antes fóran xunqueiras
- As Moureiras, o barrio dos mareantes, son tres: a de arriba (perto da actual ponte), a da Barca e a de Abaixo (San Roque)
- A capela de San Roque estaba antes nas Corbaceiras. Foi trasladada á súa ubicación actual en 1861
- A primeira construción da praza de touros, de 1892, era de madeira. O día da Peregrina de 1999 inaugurouse a actual
- A Illa do Cobo, tamén chamada das Esculturas, é do pouco que queda sen edificar das antigas xunqueiras do Lérez
- O río Lérez foi un dos lugares predilectos de Frei Martín Sarmiento para o seu estudio científico da botánica e a lingua galegas
- As ubicacións das esculturas da Illa do Cobo fóron elixidas por cada un dos seus autores
- Giovanni Anselmo, Fernando Casás, José Pedro Croft, Dan Graham, Francisco Leiro, Richard Long, Robert Morris, Anne & Patrick Poirier, Ulrich Rückriem e Enrique Velasco son os autores das obras escultóricas da Illa

- Unha frecuentada e engaiolante senda de 6 km percorre o río Lézec pola súa marxe sur entre a ponte dos Tirantes e a presa de Bora
- A cola de cabalo, unha fermosa ferverza que forma un regato que desemboca no Lézec é unha das máis senlleiras paisaxes da Senda do Lézec
- O río dos Fontáns, que ven de Santo André de Xeve, chega ao Lézec entre muíños, formando unha pequena pero agradábel praia fluvial natural
- O río dos Gafos, antes de chegar á cidade, atravesa Vilaboa, Tomeza e a zona norte de Salcedo
- O río dos Gafos cruza baixo a Av. de Vigo pola Ponte Boleira, chega a Campolongo, circula por debaixo do parque e renace perto da rúa Rosalía Castro, desde a que chega ás Corbaceiras para desembocar
- Antes, o treito final do río dos Gafos estaba cheo de lavadeiras, que aproveitaban as súas augas cristalinas
- O Concello é un edificio de Alejandro Sesmeros de finais do século XIX, construído sobre as antigas Casas do Concello (Séculos XV e XVI)
- Teatro Principal e Liceo Casino edificáronse no solar de San Bartolomé O Vello, destruída en 1842
- A Casa das Campás é un edificio municipal cedido á Universidade para ubicar nel o seu Vicerrektorado. Foi restaurado, pero conserva a fachada, do século XV
- A Basílica de Santa María demostra o enorme poder do Gremio de Mareantes no S XVI
- A Basílica de Santa María é unha mestura entre o gótico tardío e o renacemento
- A fachada de Santa María é o mellor exemplo galego do estilo plateresco. Os seus autores fóron Cornelis de Holanda e Joao Noble
- No interior de Santa María: Cristo do Desencravo (s. XVI), o Cristo dos Mariñeiros (s. XVIII) e as abraiantes bóvedas de cruceira
- A casa do Barón de Casa Goda, antiga residencia dos Condes de Maceda, é hoxe Parador de Turismo, un pazo renacentista do s XVII
- A primeira ponte do Burgo que houbo estímase que a construíron os romanos para dar continuidade á súa vía XIX
- Estímase que a primitiva ponte do Burgo mantívose en pé ata mediados do século XII
- Ponte Veteri foi o nome con que se coñecía a actual Pontevedra, debido ao estado ruinoso e vello que ofrecía a primitiva ponte do Burgo despois do s XII, cando se construiu a nova ao seu carón
- O mercado municipal foi restaurado en 2003 polo arquitecto pontevedrés César Portela
- As ruínas de Santo Domingo son a cabeceira do vello convento, con 5 ábsides de finais do século XIV, a maior construída polos dominicos en Galiza
- Na época da Restauración, a finais do XIX, iníciase un proceso de readaptación urbana e mellora das infraestruturas: rehabilitase o casco histórico, planifícase o ensanche, levántanse novos edificios públicos, chega o ferrocarril,...

- Ante o mal estado no que se atopaban as vellas casas do concello construídas no século XVI, o goberno municipal decide derrubalas en 1877 e edificar o actual consistorio
- O actual Concello edifícase sobre un proxecto de Sesmero de marcado carácter francés. Recíbese en 1880 e o seu primeiro cometido foi acoller a Exposición Rexional daquel ano
- O concello é de estilo ecléctico. Destaca o balcón central, peza clave na arquitectura das casas consistoriais, xunto co remate co reloxo e o escudo da cidade. O seu arquitecto, Sesmero, tamén deseñou a escaleira de fundición con dous tiros que se unificaban nun rechán para o interior, hoxe substituída por unha de pedra
- No último cuarto do XIX actúan no interior do recinto amurallado, ensánchase e paviméntase gran cantidade de rúas e derrúbanse moitos tramos de soportais
- No último cuarto do XIX edifícase o Liceo Casino, e despois dun longuísimoo período de obras, inaugúrase o Teatro Principal en 1878, no solar onde se erguera a antiga igrexa de San Bartolomeu o vello
- No último cuarto do XIX mellóranse as comunicacións, e o aspecto medieval da cidade vai mudando ante a necesidade de contar con espazos para a edificación ou de uso público
- A finais do século XIX Pontevedra transformouse profundamente con grandes espazos abertos como a Alameda, As Palmeiras ou a Estación de Campolongo, donde hoxe está a Praza de Galiza